



ROGO PARA A REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS DANADOS NAS BEIRRARRÚAS DA RUA DO DOUTOR TEIXEIRO

A concelleira que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa do Doutor Teixeira, especialmente no seu tramo entre a confluencia da rúa Montero Ríos coa Praza de Galicia e a Rúa República de El Salvador, presenta varias pezas de pavimento da beirarrúas quebradas, tal e como se pode apreciar no exemplo gráfico que se acompaña, o que dificulta a circulación peonil e constitúe un elemento de inseguridade viaria debido ás irregularidades de nivel e a inestabilidade do firme que ocasionan.

Polo menos unha decena de pezas están partidas e inestables, co agravante de que algunhas delas se atopan xusto nas zonas de acceso a populares establecementos de moda e complementos e de alimentación situados a ambos lados da rúa e que a diario rexistran unha elevada afluencia de clientes, que contribúen a incrementar o xa considerable tránsito de persoas desta céntrica rúa, co conseguinte risco para a integridade física do conxunto da poboación.

Á vista desta situación, formúlase o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas pertinentes para a urxente reposición das pezas de pavimento deterioradas nas beirarrúas da rúa do Doutor Teixeira, en especial no tramo que discorre entre a Praza de Galicia e a rúa da República de El Salvador.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2019

María José Castro Carballal

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO



Dous detalles de pavimentos danados na rúa do Doutor Teixeira

